



## Manolo Peleteiro e os seus irmáns Bieito e Xosé Carlos: exemplo de compromiso

---

Baldomero Iglesias Dobarrio, Mero<sup>1</sup>

Hai uns días saíu Manuel, o terceiro dos irmáns Peleteiro. Nado en Sevilla no 1942, andaba con traxe de pana, pucha e zocos. Da súa imaxe na memoria xorde esta reflexión, na súa perda a navegar *anseios*. Penso que ás veces a vida nos dá un rexistro triste e rexeneador de lembranzas agradecidas. Ecos que anovan satisfacción cun salouco e, a un tempo, envólvenos nun exame íntimo que se comprace cando *ecoamos* o que puido ser, foi e por iso debémolo agradecer. Ese sentimento de formas imprecisas e inmateriais na reflexiva aprendizaxe. Combinacións certas e contraditorias que fan considerar rememorando, na sorte de ter asistido a esa experiencia.

Anteriormente quedara no camiño o seu irmán Bieito (Ferreirúa, 1944). Non era de moito falar. Viñera de facer labor en Londres, na emigración, antes de regresar ao mundo labrego e ás CC.LL. Contaba vivencias daquela realidade que gardaba esencias da nosa orixe. Sacamos conclusións na necesaria condición de afirmarnos, afirmarnos nelas. Quedou polo camiño prendido dunha bágoa e escoitando os paxaros como o Santo Ero. Agora, hai moi pouco tempo, marchou nesa viaxe de todos, o Manolo, que levaba anos padecendo longa enfermidade nunha cadeira de rodas.

Gardo dos tres, tamén de Xosé Carlos (Ferreirúa, 1947), unha das leccións máis marabilladas da vida. Foron un agasallo na sorte de sabelos por estas terras que habito, vanse facer 50 anos, na mesma

---

<sup>1</sup> Baldomero Iglesias Dobarrio, Mero, formou parte da banda Fuxan os Ventos desde a súa fundación (1972-1983). Logo, con Xosé Luís Rivas Cruz (Mini), formaron A Quenlla (1984-2018)

xeografía humana e silandeira do interior e do rural, onde compartimos espazos e tempos, angueiras e soños!

Chegaron a comezos do 1980. Coñecelos supuxo unha grande ledicia e compañía. Viñan sempre facendo, furando. Non eran de correr, tampouco de parar. A ledicia no rostro, o pensamento atento para servir. Facíanlo por credo e fe, tamén por convicción humana disposta a erguer de todas as derrotas. Aquel seu coche queimaba mal e, ao chegaren á miña casa, facía unha nube de fumes, de entre eles saían os tres sacudíndose da viaxe. Co sorriso como bandeira.

Moitos atrancos tiveron. Levaban unha morea de parroquias e a atención dun mapa enorme no arredor de Trasanqueros, Filgueira de Barranca, Cesuras. Asistían aos labores de coidado, de ensino na diversidade cultural, e só se descoidaban a si mesmos. Crearon a Asociación Cultural Monte Medela, que irradiou cultura, aínda hoxe, no medio do noso rural menos considerado.

Sei, porque así o vin e coñecín, onde vivían e como vivían. Na máis estrita humildade, no rigor do preciso e nada máis. Tiñan ese coche, unha caldeira vella, coa que percorrían o oficio de axudar, de visitar xente aínda estando impedidos ou enfermos. Un coche durísimo que lles machicou os ósos das gastadas articulacións. Pero chegou o día que os que mandaban, nas «altas esferas», quixéronos dividir coidando acabalos. Destino, Vilafranca do Bierzo, a un edificio vello que «os *mandamases*» cederan á especulación e negocios hostaleiros. Eles habitarían «vixiantes» nos cuartos de servizo.

Fomos visítalos e animalos, comer o cocido e botelos naquelas penosas instalacións. A Xosé Carlos, que viñera do Colexio de Marín, despois de estar alí, mandárono lonxe separado dos irmáns. Ao pouco quedou para arrolar nostalxias. Deixounos enxoitos aquela súa pasada inesperada. A mágoa, a soidade, a pena, a saudade, o silencio das súas poucas palabras. Amigo incansable, comprometido, traballador.

Despois da desfeita quedaron Bieito e Manolo moito máis orfos e sen lugar onde abeirar para servir. Mutilados e faltos tamén do amparo do seu valedor Paco Carballo, que morre en novembro do 2014 e servía de escudo cos «todopoderosos» da orde dos Paúl. Desde ese preciso momento, atenden a súa expulsión. Os que ordenaban



a orde nunca os quixeron ben, non os souberon estimar por seren auténticos e «*muy galleguistas*, nacionalistas, separatistas incluso».

En varios momentos ofrecéronse para ir onde fose. As autoridades eclesiásticas, tamén as de aquí, miraron para outro lado. Co tempo, diante do silencio e menosprezo, volveron á casa dos pais e alí foron atendidos pola súa irmá Chelo, monxa das Fillas da Caridade a quen tanto querían. O seu único abrigo.

Souben de Manolo polo fermoso prólogo que lle fixo ao libro de Manolo Regal *Terra de seu*, sobre o campesiñado galego. Mais, fóronse indo na distancia. Aínda que aparecían nalgunha illada ocasión, romaxes e eventos, fomos perdendo contacto. Sabía del por Gumersindo Campaña, Gúmer –que me axudou con estas mesmas lembranzas– e algunha outra xente que os visitaba e dábanme novas, como Isaac A. Estraviz. Seguían a ser invisibles loitadores que non se deixaron apoucar, non cederon a intereses de ningún tipo e desde a humildade, testa ergueita e co maior anonimato, fixeron patria e matria, a un tempo. No camiño esperanzado. Sempre co sorriso máis que coas palabras.

Aínda que eran pouco faladores, compartiron comigo ideas e proxectos. En moitos temas e tentando atopar explicacións a tanta perda, desde o compromiso e na busca da dignidade. Varios anos fomos cantar os nadaís e os reis, desde «O Tizón», asociación cultural en Areosa-Mesía, local de encontro e daquelas follas informativas d' O Lorcho. Fomos cantar polas nosas comúns terras de Trasanquelos, Curtis, Frades, Cesuras e as outras parroquias de Mesía. Eran tres e tocaban a gaita, tamboril e bombo. Eu axudaba cantando e tocando a pandeireta. Iamos casa por casa celebrando a vida e a Nova das datas do Nadal. Recollemos cantigas e aprendemos nelas o valor da música tradicional, elemento de cohesión social para o sorriso, o encontro e a celebración.

Ao redor dos anos 2004 participamos nunha revista, «Que Quede Quen o Conte». Papel onde desafogar, pagado por nós, nun xuntoiro de xente á defensa do rural e preocupada pola deriva das aldeas e pobos do interior, invisibilizados e que non constan nos mapas da administración, só acordan deles nas eleccións e para poñer eóli-

cas inhumanas ou fábricas cheirentas. Chegamos aos sete primeiros números. Custaba moito traballo e repartíase polo arredor, na xente do común. Era un pensamento crítico e de esperanza a pesar do desleixo. Debuxaba Xoán Andrade e escribíamos Gúmer, Lourenzo, Alicia dos Prados, os Peleteiros, X. L. Rivas, Miguel Carnota, Alfonso Blanco e mais eu. Abusabamos do Carrabouxo, X. Lois García, Ave-lino Pousa, David Otero, Eduardo Moscoso, Ricardo Meniño, Xosé López, X. M. Sarille, Sabela Díaz, Santiago Macías, Esperanza Rabu-ñal, Gunter Shwaiger, Ramón Muñiz, Fdez. Oca... oradores tamén no enorme deserto do rural, incomprendido e abandonado.

Os contidos eran berros de auxilio en temas da represión total e lingüística, non só na igrexa ou nos centros de ensino senón nos centros de saúde, co veterinario etc. Tamén sacabamos temas da Memoria Histórica, toda a problemática xurdida co avance e expansión do foráneo, a falta de apoio para iniciativas, as desfeitas da eucaliptiza-ción, os incendios que virían, as minas a ceo aberto, a contaminación dos ríos e do aire, das terras, os lodos contaminados das fábricas que tiraban de noite polos montes, a falta de servizos públicos, de asisten-cia social, transporte público e escolar, a traída de augas, os puntos de administración, centros de información e axuda etc.

Os Peleteiros sempre estaban dispostos. Xuntabamos no Pazo de Galegos facendo corpo nun Movemento Rural coas monxas –outras loitadoras de base– que nos atendían. Ese era o centro onde cons-pirabamos, disidentes da pasividade e do conformismo. En vida, os Peleteiros rexeitaron calquera acto ou xeito de nomeamento, recordo ou homenaxe que puidesen recibir. O seu carácter non llelo permitía, eran alérxicos a esa conduta de sabérense tidos en conta ou aga-sallados. Tiñan –calquera deles– unha filosofía da vida totalmente desprendida deles mesmos.

Moitas veces, en habendo crianzas no arredor, eran incapaces de centrarse nos temas a tratar. Podíanlles a cativada, cos seus xogos e andainas, os enredos, os berros e as trampas, a pillaxe dos xogos. O primeiro eran as miudanzas, hai que telas moi en conta mentres aprenden. Os meus fillos e fillas gardan grato recordo por aquelas atencións e coidados.

O Manolo fora parte daqueles pais expulsados da orde relixiosa do Colexio dos Milagres, a súa propia congregación. O sentido común estaba moi vixiado e prohibido. Expulsaran a Emilio González Graña do Centro en Maceda (Ourense). E por tal feito, catro compañeiros seus, Serxio Fierro, X. Luís Nieto, Manoel R. Peleteiro e Odilo Cid, solidarizáronse con el e sofren represalias eclesiásticas. Estas e outras historias serían necesarias de abondar a partir daquela publicación que escribiu Vitorino P. Prieto en «Galegos e Cristiáns». O delito foi amar a xente, amar Galiza.

Como antes dicía, a causa segue a ser esa. Non se debe esquecer a verdade que foi e é berce de todo rexistro rexenerador, memorias vivificadoras que compracen a emoción da aprendizaxe e a combinación de contrastes para resolver dúbidas, que nos farán tomar conciencia dese proceso de ser sendo e de amar amando. Ecos difíciles de interpretar, doados de entender e en calquera caso que non debemos esquecer.

Libres de culpa amaron e expresáronse desde a bondade máis xenerosa. Priorizaron intereses das persoas por riba dos seus e da xerarquización eclesiástica. Ese foi o seu delito. Tomaron pública postura política na verdade, seguindo a esteira do seu mentor Paco Carballo. Defenderon e contrariaron a quen aínda hoxe mente e se oculta. Sabían que a Luz será quen os delate.

Ao falar deles móveme a emoción e as subxectividades, síntome inseguro para precisar mellor as calidades extraordinarias que, neste caso, son do meu patrimonio persoal. Estou a falar de persoas sobranceiras e «venerables», imperfectas e das nunca elixidas nin sequera polos seus debidos protectores. Non eran perfectos, ningún o é. As perfeccións non son deste mundo que estima poderes e ouros, modas ou estilos aparentes. Non eran esas as calidades que deles se agardaban. Foron un luxo e estaban nesoutra dimensión máis próxima á benaventuranza, a de dar e darse sen facer sombra, agrandando horizontes.

**Baldomero Iglesias Dobarrio, Mero**